

ARTE

# Antonio Mir: Paseando baixo a chuva

Antonio Mir (Lorca, Murcia, 1950) sustenta a súa vida en tres coordenadas xeográficas: a súa orixe natal, coa luz mediterránea iluminando os seus pinceis; a súa Galicia de adopción, coa agreste beleza de Corrubedo asentando o seu ánimo, e Brasil como cúspide do triángulo. No seu refuxio de Baia (unha vivenda rural reconvertida en museo gracias ós seus oficios da súa esposa Elisa) este artista desbordante de vitalidade dálle renda solta á súa fértil imaxinación e crea, cada ano dándolle un paso novo e diferente á súa obra, un mundo pictórico que é coma el: imprevisible, vitalista, imaxinativo e moi persoal.



O pintor natural de Lorca Antonio Mir expón na Casa da Parra

Ademais das tres coordenadas —Murcia, Galicia, Brasil—, Antonio Mir é, sobre todo, un pintor universal. Mestura de luz desbordante, grises e prateados apaciguadores e imaxinación sen límites, todo o mundo é escenario do seu traballo. Improvisou estudos de pintura en domicilios de embaixadores, terrazas abertas ó cel romano, fábricas, despachos... os seus lenzos penduran de paredes nos cinco continentes; as súas reunións con amigos no restaurante compostelán Toñi Vicente son antolóxicas.

A chuva é un dos recordos que lle quedan ó artista da súa estada en Galicia; un sentimento que nace dun estrato profundo da súa alma como algo sentido e vivido. Outros emblemas característicos da súa etapa murciana son os soles e as ánforas en homenaxe ás antigas civilizacións mediterráneas.

A exposición monotemática que exhibe estes días a Casa da Parra é produto de case dous anos de constante traballo facendo da chuva arte. Manipula o motivo ata reduci-lo ó imprescindible e elemental ou axítalo

formando ondulacións que o observador adiviña impulsadas polo vento. Outras veces cae en gotas bulbosas ou próximas a aneis circulares que se moven en remuíño ó longo de todo o lenzo a un ritmo monótono. É entón cando se toma conciencia das dimensións do soporte e equipara esta arte á vastidade do universo.

Navarro Baldeweg tamén adopta o tema no seu lenzo *Chuvia e lúas*, cando nesa mesma postura emocional de expresar un sentimento coa espiritualidade do expresionismo abstracto. Os dous parten, como Pollock, da natureza proxectando un estado de ánimo que lembra a serie de sons na herba co seu característico ritmo circular, plasmado coa súa pintura xestual.

Non apegado a expresións usuais típicas do naturalismo, inclínase por pautas socialmente diferentes. San Medardo, para protexerse de tanta inclemencia atmosférica, refuxiábase baixo as ás despregadas dunha aguiá. Os mortais facémolo baixo un paraguas. Mir descóbrense e móllase

nuns lenzos empapados coa seiva da vida, rexerando e lavando todo canto se cruce no seu camiño.

Antonio Mir abandonou aqueles tons coloristas e exultantes dos seus soportes de tarros con flores ou dos seus inxenuistas peixes por outros moito máis apagados dominados polos azuis e os prateados. Non temos que esquecer que o artista desenvolveu un intenso traballo en chapas metálicas aplicadas tamén á súa faceta escultórica. Tamén en pratos se expresaba Lorca naquel poema en lingua galega "...chove en Santiago na noite escura. Herbas de prata e de sono cobren a baleira rúa". En tres ocasións, une e enfronta o verde e gris pasando da humidade

de ó amarelo solar, facendo convivir harmoniosamente estes elementos tan vitais para a nosa existencia.

O autor intentou apresar nestes lenzos as forzas do universo. A chuva que cae en Santiago termina sendo a súa chuva pois magnificouna co seu potente e áxil trazo, que fai primeiro do cotián.

Nada repousa nunhas formas nas que se intúe o eterno feminino, os deuses da fertilidade descendendo dos ceos e purificando e penetrando para xerar vida. A súa pintura lígase co coñecido mito de Dánae que xera posuída por un deus Zeus transformado de ouro.

Antonio Mir regresou a Brasil, a terra que o criou despois de percorre-la nosa patria cun proxecto muralístico de grande envergadura. Non sei se foi casualidade, pero este Nadal non estivo pasado por auga. Todo o ballón de 2201 concentrouse na Casa da Parra. Haberá que orar para que o comisario de Pilar Corredoira alongue esta exposición.

Fátima Otero

CINE

# Kandahar merece máis

Unha muller afgana, fuxida ó Canadá a causa da guerra —unha de tantas—, despois de recibir unha carta da súa irmá na que ameaza con suicidarse pola terrible situación na que viven ela e as mulleres afganas, decide ir ó seu encontro para salvala. Este é o motivo da viaxe a través do país, ultimamente tan coñecido polas súas desgracias, que serve de fio condutor ó documental-película 'Kandahar', dirixido polo director proveniente do Irán Mohsen Makhmalbaf. A protagonista, Nafas, a exiliada que regresa á terra na procura da irmá máis nova, narra mentres viaxa a historia da familia, do país, da tristeza dunha vida asolada polo dogmatismo, a fame, o desprezo pola muller e a violencia. Nin que dicir ten que o filme resulta oportuno, máxime neste momento no que a cidade de Kandahar aparece a diario como motivo informativo polos sucesos transcendentais do 11 de setembro que desembocaron en esmagar ó pobre país co gallo de exterminalo terrorismo. Resulta polo tanto instructiva esta viaxe polo deserto, pola luz e a segura, polas escolas dos mestres fanáticos e a picaresca dos que están afeitos a vivir na violencia e na fame. E mesmo ofrece algúns momentos de lucidez filímica ó longo dos 85 minutos que dura este documental, pero en conxunto non achega gran cousa. O argumento é rixido, simple, en exceso lineal. A cámara non capta nada especial no ambiente nin nos protagonistas que nos achegue, que nolos faga vivos ou reais. O ritmo avanza coa mecánica fría dunha reportaxe encargada a calquera cadea de televisión. Kandahar podería ser un magnífico motivo para indagar nas razóns culturais dun pobo que se agocha detrás do burka, dunha pobreza que nos traslada a moitos séculos atrás, dunha relixiosidade inculcada con violencia, dunha sociedade violenta, estrada de minas mortais, de máquinas para matar. Como nalgún momento se di: "En Afganistán só temos algo moderno: as armas".

Destacar, eso si —mágoa que non insistise máis nesa liña o director—, o surrealista que adquire a vida cando o único que se pretende é conseguir da Cruz Vermella unhas pernas ortopédicas. Os mellores momentos da proxección xiran arredor das peripecias das persoas para conseguir pernas, algo de Buñuel parece latexar por debaixo da monótona narración de Makhmalbaf cando se centra nesta dolorosa realidade. Polo demais, un documental que podería resultar moito máis enriquecedor, unha película anémica. 'Kandahar' seguro que dá para moito máis.

Miguel Suárez Abel

teatro | música | arte | clásica
CANAL TEATRO

elcorreogallego.es

Los Anillos, un filme exitoso antes de su estreno

Película de la trilogía de "El Señor de los Anillos", basada en la trilogía literaria del mismo autoría de J.R.R. Tolkien (1892-1973), se estrena el miércoles 19 de diciembre en cines de todo. "La Comunidad del anillo", rodada con actores de carne y hueso, es la primera parte de un proyecto cinematográfico que es ya un éxito antes de estrenarse, dado el enorme interés despertado, lo que se puede comprobar en las numerosas páginas de Internet dedicadas al mundo imaginario inventado por Tolkien, la Tierra Media.

más
el libro
el reparto
el director
el juego

**cartelera**

CURTAMETRAXES

'Inútil' de Paco Rañal e 'Xinetes na tormenta' de Ricardo Llovo, o día 11 de decembro no cine Yago de Compostela

CRÍTICA

'Lucía y el sexo': Corazón del ángel. Por José Luis Losa

CRÍTICA

'Sin noticias de Dios': Penélope y Victoria desangeladas Por José Luis Losa

**elcorreogallego.es**  
www.ocorreogallego.com

Toda la actualidad cinematográfica, desde los últimos estrenos a los festivales, y la posibilidad de consultar carteleras y horarios de las principales salas de cine gallegas.